

Letonia / Latvia(ing)



Nome: Letonia

Capital: Riga

Idioma: Letón

Poboación: 1. 893.223 habitantes

Extensión: 64.589 km²

Lugares de interese:

Riga, Jūrmala, Sigulda, Liepāja e Cēsis.

Outras informacións:

- A moeda de Letonia é o EURO.

- Riga é a cidade máis grande dos países bálticos.

- Os bosques cobren case o 50% do país.

RECETA / RECIPE / RECEPTE Ambrosía Letona. Rupjmaizes kārtojums

Ingredientes/ Ingredients / Sastāvdaļas:

- 350 g de pan de centeo
- 4 culleradas de azucre
- 1 cullerada de canela
- 400 ml de crema para bater
- 1 cullerada de extracto de vainilla
- Framboesas en conserva
- Framboesas frescas para decorar



Elaboración / Elaboration/ Izstrāde:

1. Partir o pan. Quentar unha tixola e engadir o pan, 2 culleradas de azucre e a canela. Mesturar ata que os ingredientes estean integrados e tostalos durante varios minutos, removendo constantemente.

2. Bater a crema coas dúas culleradas de azucre restantes e o extracto de vainilla.

3. En catro vasos pequenos, colocar unha capa de anacos de pan, unha de crema, seguida dunha de froitas en conserva. Repetir as capas nesa orde ata encher cada vaso. Terminar cunha capa de pan. Decorar con framboesas frescas.

4. Refrixerar ata que se vaian a consumir.